

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MAIOR, NO NÚCLEO URBANO DE SADA. CONCELLO DE SADA (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Óscar Benito Portela González, alcalde do concello de Sada, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Sada ten atribuída, entre outras, a competencia de medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A entidade pública empresarial Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Terceiro.- O artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Cuarto.- En cumprimento do establecido no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 2007/60/CE, do



Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, a Administración xeral do Estado e outros órganos competentes das comunidades autónomas

Tanto na EPRI do primeiro ciclo de planificación (2015-2021) como na actualización correspondente ao segundo ciclo (2021-2027), a zona das Brañas e a desembocadura do río Maior en Sada considéranse inundables, aínda que na avaliación inicial a zona non resultou caracterizada como con risco significativo (non superou o limiar de significancia predeterminado), e si o superou na actualización do documento, polo que é considerada como área cun risco potencial significativo de inundación (ARPSI). Nesta revisión da EPRI, tívose en conta o novo evento de inundación acontecido o pasado marzo de 2016, e ademais para estimar os danos potenciais empregouse a superficie aproximada que resultou inundada nese evento.

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como ARPSI, conleva o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación, xunto co estudo e a determinación das medidas que se consideren necesarias para tratar de minimizar os riscos de inundación, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, para a súa execución por cada unha das autoridades competentes.

Independentemente deste proceso, o Concello de Sada presentou un estudo que indica o mal funcionamento, a insuficiencia de capacidade de desaugue e os continuos atrancos dos ríos Maior e Fontoria no treito final, no que existen catro ovóides, proponendo substituílos por un marco de sección interior 4,00x1,50 m similar ao resto de treitos do canal que discorre polo núcleo urbano.

Esta actuación pode considerarse como unha primeira medida das que corresponda acometer pola declaración desta zona como ARPSI, de tal xeito que contribúa a minimizar os riscos de inundación.

Quinto.- A Deputación Provincial da Coruña, en virtude do principio de colaboración entre Administracións públicas, comprometeuse a participar no financiamento do proxecto mediante unha subvención nominativa a favor do Concello de Sada. A Deputación estableceu dúas anualidades para o aboamento da citada subvención, unha de 260.000 euros para a anualidade 2021 e outra de 118.000 euros para a anualidade 2022.

Sexto.- Atendendo ao anterior, as obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na mellora do funcionamento hidráulico do treito final do río Maior, no núcleo urbano de Sada. Concello de Sada (A Coruña).

Polo tanto, e tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, as partes pretenden colaborar para executar as citadas actuacións. Así, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sada que permitan realizar un estudo de alternativas que determine a proposta máis adecuada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada e, a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar un proxecto construtivo da solución determinada, acometer as obras e, posteriormente, conservarlas e mantelas, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS

A. Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Realizar un estudo de alternativas para determinar a proposta máis adecuada para acadar os obxectivos perseguidos co convenio.
2. Unha vez que o Concello de Sada determine a proposta que considera máis adecuada, tendo en conta as conclusións do estudo de alternativas, levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da redacción do proxecto da obra.
3. Unha vez redactado o proxecto construtivo, supervisalo e aprobalo e levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade coa lexislación vixente e cos efectos sinalados na cláusula quinta.
4. Dirixir as obras, controlar a súa calidade e a seguranza e saúde das mesmas durante a súa execución.
5. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por uso inadecuado, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa vixente.
6. Financiar as actuacións obxecto do convenio do xeito estipulado na cláusula cuarta.
7. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

Os estudos e proxectos redactados no marco deste convenio serán tidos en consideración nos procesos de planificación da xestión dos riscos de inundación que leva a cabo Augas de Galicia.

B. Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Sada obrígase a:

1. Determinar a proposta máis adecuada, das resultantes do estudo de alternativas elaborado, para acadar os obxectivos perseguidos co convenio, tendo en conta a planificación urbanística desenvolvida polo propio concello.



2. Financiar as actuacións nos termos establecidos na cláusula cuarta. Consta o documento contable RC que recolle as anualidades estipuladas no anexo I, acompañado dun certificado de existencia de crédito.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.
No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
5. Recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción, e asumir o seu mantemento e conservación.
6. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
7. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia e, logo da súa tramitación da acordo coa lexislación vixente en materia de contratos, serán comunicadas ao concello. No caso de que supoña un aumento no importe previsto no convenio deberá tramitarse unha addenda, de conformidade co disposto na cláusula décima.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, as partes acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido na cláusula segunda deste convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total das actuacións contempladas ascende a 1.575.000 €, co seguinte detalle:
 - 75.000,00 €, redacción do proxecto construtivo
 - 1.500.000,00 €, execución das obras e contratos asociados á execución das obras.

**Xacobeo 2021**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"

Os gastos correspondentes á redacción do proxecto construtivo asumiranse integramente polo Concello de Sada.

Os gastos correspondentes á execución das obras e gastos asociados a estas, asumiranse nun terzo pola entidade pública empresarial Augas de Galicia e en dous terzos polo Concello de Sada.

2. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta financeira 230, investimentos xestionados para outros entes públicos, do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos.

Por acordo do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

3. De acordo co anterior, o financiamento levarase a cabo do seguinte modo:

- Augas de Galicia achegará 500.000 euros do custo inicialmente previsto.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 5 “promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos”, Prioridade de Investimento 5.2 “fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes”, Obxectivo Específico 5.2.1 “fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as poboacións, incluíndo Protección Civil”. Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

- O Concello de Sada achegará 1.075.000 euros do custo inicialmente previsto, con cargo ás súas aplicacións orzamentarias 1729.22706 e 1729.61900.

4. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista (Aguas de Galicia un terzo e o Concello de Sada dous terzos), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.



O Concello de Sada asumirá as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato da redacción do proxecto.

5. Para a execución deste convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como Anexo a este documento. As mesmas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do convenio.

6. As achegas do Concello de Sada aboaranse directamente á entidade pública empresarial Augas de Galicia, no número de conta que a entidade indique ao efecto, tras as solicitudes correspondentes e de conformidade co ritmo de execución das actuacións executadas. A tal efecto, Augas de Galicia remitirá periodicamente as certificacións aprobadas, acompañadas dos xustificantes de pagamento. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da documentación por medios electrónicos.

QUINTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

A titularidade das actuacións executadas que, pola súa natureza, non formen parte do dominio público hidráulico, será do Concello de Sada.

Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do concello, que asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello de Sada das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e da normativa de aplicación en canto ao seu mantemento e conservación.

SEXTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de



Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 decembro de 2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre as partes e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

UNDÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus fondos estruturais ou de investimento.

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos e informará, achegando copia do citado requirimento, á outra parte. Unha vez transcorrido ese prazo, se



persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará ás outras partes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento poráanse a disposición do concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula quinta deste convenio.

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considérase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO TERCEIRA. - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente o presente documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Sada, Óscar Benito Portela González



ANEXO

ANUALIDADES

	2021	2022	2023	TOTAL
Augas de Galicia	60.000,00 €	220.000,00 €	220.000,00 €	500.000,00 €
Concello de Sada	75.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	1.075.000,00 €
Total	135.000,00 €	720.000,00 €	720.000,00 €	1.575.000,00 €

